Así mesmo comenta que a presentación de ofertas realizouse na plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital, que se emprega para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:



R2M Solution Spain S.L. (NIF: B87348470)
1. Prezo ofertado:

| | |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE: | 348.909,14 € |
| IVE (21 %): | 73.270,92 € |
| Importe total ofertado: | 422.180,06 € |

2. Porcentaxe do orzamento base de licitación comprometido para a posta en marcha das actividades incluídas no Plan de Comunicación, a maiores do 10% mínimo esixido no apartado “3.5 Comunicación” do PPT:

| Porcentaxe MÍNIMO de plan de Comunicación (a) | Porcentaxe ofertado (b) | Total de porcentaxe de plan de Comunicación (a)+(b) |
|--|----------------------------|--|
| 10% | 5,13% | 15,13 % |

3. Actividade de formación ofertadas:

- *Número de accións formativas intensivas destinadas ao Persoal propio da OTC_DEPO: 4 adicionais (6 en total)*
- *Número de cursos de formación para Xestores de CE de nova creación ou existentes: 8 adicionais (12 en total)*
- *Número de formacións para Técnicos de entidades locais: 8 adicionais (12 en total)*

UTE Senda Sostenible SL (NIF: B06967236) - Impact Hub SLU (NIF: B85461572) - Creara Consultores SL (NIF: B84433424)
1. Prezo ofertado:

| | |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE: | 393.000,00 € |
| IVE (21 %): | 82.530,00 € |
| Importe total ofertado: | 475.530,00 € |

2. Porcentaxe do orzamento base de licitación comprometido para a posta en marcha das actividades incluídas no Plan de Comunicación, a maiores do 10% mínimo esixido no apartado “3.5 Comunicación” do PPT:

| Porcentaxe MÍNIMO de plan de Comunicación (a) | Porcentaxe ofertado (b) | Total de porcentaxe de plan de Comunicación (a)+(b) |
|--|----------------------------|--|
| 10% | 12 % | 22% |

3. Actividade de formación ofertadas:

- *Número de accións formativas intensivas destinadas ao Persoal propio da OTC_DEPO: 6*
- *Número de cursos de formación para Xestores de CE de nova creación ou existentes: 12*
- *Número de formacións para Técnicos de entidades locais: 12*



Sertogal, S.L. (NIF: B32164782)

1. Prezo ofertado:

| | |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE: | 301.466,95 € |
| IVE (21 %): | 63.308,06 € |
| Importe total ofertado: | 364.775,01 € |

2. Porcentaxe do orzamento base de licitación comprometido para a posta en marcha das actividades incluídas no Plan de Comunicación, a maiores do 10% mínimo esixido no apartado “3.5 Comunicación” do PPT:

| Porcentaxe MÍNIMO de plan de Comunicación (a) | Porcentaxe ofertado (b) | Total de porcentaxe de plan de Comunicación (a)+(b) |
|--|----------------------------|--|
| 10% | 5% | 15% |

3. Actividade de formación ofertadas:

- *Número de accións formativas intensivas destinadas ao Persoal propio da OTC_DEPO: 2 Accións formativas esixidas e 4 accións formativas adicionais*
- *Número de cursos de formación para Xestores de CE de nova creación ou existentes: 4 Accións formativas esixidas e 8 accións formativas adicionais*
- *Número de formacións para Técnicos de entidades locais: 4 Accións formativas esixidas e 8 accións formativas adicionais*

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha das ofertas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor presentada no procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 26 de abril de 2024 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a



diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 30-04-2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/05/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 6 de xuño de 2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contén a documentación correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)
- Imesapi SA (CIF A-28.010.478)
- Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905)
- Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143)
- Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- Sociedad española construcciones eléctricas R SA (CIF A-08001182)
- Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- Ecogal energías renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

A Mesa de contratación acordou asimesmo trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, que presentaron as empresas admitidas, aos técnicos do Servizo de Cooperación ao obxecto de que, avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 24/06/2024 o Enxeñeiro do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez Nieves e a Xefa do Servizo de cooperación emitiron informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

| Criterios | Puntuación máxima | ECOGAL | ELECTRICIDAD HERMANOS REQUEJO SL | ENERGEA | FELIX Y VIÑAS S.L.U. | IBERDROLA | IMESAPI | SECE | WENEA |
|-------------------------------------|-------------------|--------|----------------------------------|---------|----------------------|-----------|---------|------|-------|
| Descrición dos traballos a realizar | 10 | 6,5 | 2 | 8 | 4,5 | 5,5 | 9,5 | 8 | 4,5 |



| | | | | | | | | | |
|------------------------------------|-----------|-------------|-------------|-----------|-----------|-------------|-----------|-------------|-------------|
| Calidade dos cargadores eléctricos | 20 | 16 | 10 | 17,5 | 8,5 | 15 | 17,5 | 14,5 | 14 |
| Calidade do resto de compoñentes | 10 | 8 | 2,5 | 6,5 | 4 | 1 | 7 | 8 | 8 |
| TOTAIS | 40 | 30,5 | 14,5 | 32 | 17 | 21,5 | 34 | 30,5 | 26,5 |

A Mesa de Contratación acorda prestar conformidade ao citado informe de valoración técnica e en base ao mesmo que se proceda a apertura do sobre C correspondente aos criterios de valoración automática das empresas que acadaron unha puntuación mínima do 50 % dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (20 puntos).

11. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada no procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre B correspondente aos xuízos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do servizo de Cooperación cos municipios, procede a continuación a apertura dos sobres C da documentación correspondente aos criterios avaliados mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20 puntos).

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” da documentación correspondente aos criterios avaliados mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos).

Procédese polo tanto a apertura das ofertas presentadas polas seguintes empresas :

-Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)

-Imesapi SA (CIF A-28.010.478)



- Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- Sociedad española construcciones eléctricas SA (CIF A-08001182)
- Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

Os valores ofertados son os seguintes:

| Empresas | Prezo ofertado (sen iva) | IVE (21%) | Prezo ofertado (iva engadido) |
|---|--------------------------|-------------|-------------------------------|
| Iberdrola clientes SAU | 215.977,00 € | 45.335,17 € | 261.332,17 € |
| Imesapi SA | 225.271,88 € | 47.307,09 € | 272.578,97 € |
| Wenea Urban SLU | 209.800,00 € | 44.058,00 € | 253.858,00 € |
| Sociedad española construcciones eléctricas SA | 231.137,73 € | 48.538,92 € | 279.676,65 € |
| Energea consulting y asesores SL | 215.719,91 € | 45.301,18 € | 261.021,09 € |
| Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL | 210.199,15 € | 44.141,82 € | 254.340,97 € |

O Secretario informa que non se procede a apertura das ofertas presentadas polas empresas Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143) e Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905) ao non acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos).

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

12. Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e a documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento de 10 municipios do proxecto DA TUA MAN RURAL II, convocatoria de axuda 2023 para a apoio á actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR NEXT GENERATION EU. (Expte.- 2024026224).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024004711 de data 6/06/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles na contorna comercial de 10 concellos “Da túa man Rural II” presentados á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU,

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/06/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- REVCOM ENERGIAS RENOVABLES S.L. B70045497
- ESMOTEC GESTIÓN DE PROYECTOS S.L. B-27855915
- EMDESFOR 2002 S.L. B-36404218
- CROUS EXPERT S.L. B-67152173

Os valores ofertados foron os seguintes:

CROUS EXPERT S.L. NIF B-67152173



1. Prezo ofertado:

| | Orzamento execución contrata IVE excluído | PREZO OFERTADO SEN IVE | 21% IVE | TOTAL IVE ENGADIDO |
|-----------------------|--|---------------------------|-------------------|-----------------------|
| Catoira | 5.417,19 € | 4.213,49 € | 884,83 € | 5.098,32 € |
| Covelo | 5.147,59 € | 4.003,80 € | 840,80 € | 4.844,60 € |
| Crecente | 5.368,35 € | 4.175,50 € | 876,86 € | 5.052,36 € |
| Fornelos de Montes | 5.648,00 € | 4.393,01 € | 922,53 € | 5.315,54 € |
| Guarda, A | 5.417,19 € | 4.213,49 € | 884,83 € | 5.098,32 € |
| Illa de Arousa, A | 5.408,76 € | 4.206,93 € | 883,46 € | 5.090,39 € |
| Moraña | 4.821,91 € | 3.750,48 € | 787,60 € | 4.538,08 € |
| Oia | 5.264,87 € | 4.095,02 € | 859,95 € | 4.954,97 € |
| Portas | 4.867,94 € | 3.786,28 € | 795,12 € | 4.581,40 € |
| Vilaboa | 4.867,94 € | 3.786,28 € | 795,12 € | 4.581,40 € |
| TOTAL | 52.229,74 € | 40.624,28 € | 8.531,10 € | 49.155,38 € |

- Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses) 24 meses.
- Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses):24 meses.

EMDESFOR 2002 S.L. (B-36404218)

1. Prezo ofertado:

| | Orzamento execución contrata IVE excluído | PREZO OFERTADO SEN IVE | 21% IVE | TOTAL IVE ENGADIDO |
|-----------------------|---|---------------------------|------------------|-----------------------|
| Catoira | 5.417,19 € | 4.886,31€ | 1.026,12€ | 5.912,43€ |
| Covelo | 5.147,59 € | 4.643,13€ | 975,06€ | 5.618,18€ |
| Crecente | 5.368,35 € | 4.842,25€ | 1.016,87€ | 5.859,12e |
| Fornelos de Montes | 5.648,00 € | 5.094,50€ | 1.069,84€ | 6.164,34€ |
| Guarda, A | 5.417,19 € | 4.886,31€ | 1.026,12€ | 5.912,43e |
| Illa de Arousa, A | 5.408,76 € | 4.878,70€ | 1.024,53€ | 5.903,23€ |
| Moraña | 4.821,91 € | 4.349,36€ | 913,37€ | 5.262,73€ |
| Oia | 5.264,87 € | 4.748,91€ | 997,27€ | 5.746,18€ |
| Portas | 4.867,94 € | 4.390,88€ | 922,09€ | 5.312,97€ |
| Vilaboa | 4.867,94 € | 4.390,88€ | 922,09€ | 5.312,97€ |
| TOTAL | 52.229,74 € | 47.111,23€ | 9.893,36€ | 57.004,58€ |



2. Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 48 meses
3. Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 60 meses.

ESMOTEC GESTIÓN DE PROYECTOS S.L. (B-27855915)

1. Prezo ofertado:

| | Orzamento execución contrata IVE excluído | Prezo ofertado | | Total IVE Engadido |
|-----------------------|---|----------------|------------|-----------------------|
| | | Sen IVE | 21% IVE | |
| CATOIRA | 5.417,19 € | 4.268,75 € | 896,44 € | 5.165,18 € |
| COVELO | 5.147,59 € | 4.056,30 € | 851,82 € | 4.908,12 € |
| CRECENTE | 5.368,35 € | 4.230,26 € | 888,35 € | 5.118,61 |
| FORNELOS DE MONTES | 5.648,00 € | 4.450,62 € | 934,63 € | 5.385,26 € |
| GUARDA, A | 5.417,19 € | 4.268,75 € | 896,44 € | 5.165,18 € |
| ILLA DE AROUSA, A | 5.408,76 € | 4.262,10 € | 895,04 € | 5.157,14 € |
| MORAÑA | 4.821,91 € | 3.799,67 € | 797,93 € | 4.597,59 € |
| OIA | 5.264,87 € | 4.148,72 € | 871,23 € | 5.019,95 € |
| PORTAS | 4.867,94 € | 3.835,94 € | 805,55 € | 4.641,48 € |
| VILABOA | 4.867,94 € | 3.835,94 € | 805,55 € | 4.641,48 € |
| TOTAL | 52.229,74 € | 41.157,05 € | 8.642,98 € | 49.800,03 € |

2. Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 6 meses.
3. Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 6 meses.

REVCOM ENERGÍA RENOVABLES S.L. (B-70045497)

1. Prezo ofertado:



| | Orzamento lic sen IVE | Prezo OFERTADO SEN IVE | 21% de IVE | TOTAL IVE engadido |
|-----------------------|--------------------------|------------------------------|-------------------|-----------------------|
| CATOIRA | 5.417,19 € | 4.801,85 € | 1.008,39 € | 5.810,23 € |
| COVELO | 5.147,59 € | 4.562,87 € | 958,20 € | 5.521,08 € |
| CRECENTE | 5.368,35 € | 4.758,56 € | 999,30 € | 5.757,85 € |
| FORNELOS DE MONTES | 5.648,00 € | 5.006,44 € | 1.051,35 € | 6.057,79 € |
| GUARDA, A | 5.417,19 € | 4.801,85 € | 1.008,39 € | 5.810,23 € |
| ILLA DE AROUSA, A | 5.408,76 € | 4.794,38 € | 1.006,82 € | 5.801,20 € |
| MORAÑA | 4.821,91 € | 4.274,19 € | 897,58 € | 5.171,77 € |
| OIA | 5.264,87 € | 4.666,83 € | 980,03 € | 5.646,86 € |
| PORTAS | 4.867,94 € | 4.314,99 € | 906,15 € | 5.221,14 € |
| VILABOA | 4.867,94 € | 4.314,99 € | 906,15 € | 5.221,14 € |
| TOTAL | 52.229,74 € | 46.296,94 € | 9.722,36 € | 56.019,29 € |

2. Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 24 meses TOTAL: 60 MESES

3. Ampliación do prazo de garantía das sinais, a maiores de mínimo esixido (36 meses): 24 meses TOTAL: 60 MESES

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, as puntuacións totais son as seguintes:

| EMPRESAS | PRECIO | G XARDINERAS | G SINAIS | TOTAL |
|--------------------|--------|--------------|----------|-------|
| REVCOM | 36,23 | 20 | 10 | 66,23 |
| ESMOTEC | 66,89 | 5 | 2,5 | 74,39 |
| EMDESFOR 2002 S.L. | 31,26 | 10 | 10 | 51,26 |
| CROUS S.L. | 70 | 20 | 10 | 100 |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas para a dita contratación que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|-----------------------------------|------------------|
| 1ª | CROUS S.L. | 100 |
| 2ª | ESMOTEC GESTIÓN DE PROYECTOS S.L. | 74,39 |



| | | |
|----|----------------------------|-------|
| 3º | REVCOM ENERGIAS RENOVABLES | 66,23 |
| 4º | EMDESFOR 2002 S.L. | 51,26 |

- Propor ao órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da devandita subministración, á empresa CROUS S.L. que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe o procedemento, e polo prezo ofertado.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de: 2.031,21 €.
- Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas no procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade. (Expte.-2024030651).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2024004974 de data 12/06/2024 aprobouse o expediente de contratación patrimonial para o alleamento, mediante poxa pública, do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade.

Con data 13/06/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e o prego de cláusulas económico-administrativas deste procedemento.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e coas ofertas valorables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do sobre únicos, as empresas que presentaron oferta foron as seguintes:

- CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (A03161270)

Os valores ofertados por esta única empresa foron os seguintes:

1. Prezo base ofertado por litro de leite cru +- primas e descontos:

| | |
|----------------------|-----------------------|
| Importe sen IVE | 430 € / 1.000 litros |
| IVA (4%) | 17,20 € |
| Importe IVE engadido | 447,20 € /1000 litros |

2. Prezo do menor gasto de produción e transporte (G.P.T.)

| | |
|----------------------|---------------|
| Importe sen IVE | 0,8139 € / kg |
| IVA (4%) | 0.0325 € |
| Importe IVE engadido | 0,8464 € / kg |

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade cas fórmulas establecidas nos pregos, a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

| | |
|--|---|
| | CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (A03161270) |
| Prezo base ofertado por litro de leite cru +- primas e descontos | 0 puntos |
| Prezo do menor gasto de produción e transporte (G.P.T.) | 30 puntos |
| PUNTUACIÓN TOTAL | 30 puntos |



A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir ás seguintes empresas no procedemento:
 - CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (A03161270)
2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | EMPRESA LICITADORA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---|------------------|
| 1ª | CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (A03161270) | 30 puntos |

3. Propor ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. (A03161270), que alcanzou a maior puntuación: 30 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando acreditado ó tenor do recollido nos mesmos a súa capacidade de obrar, que está debidamente constituída e que non está incurso en ningunha prohibición de contratar. A maiores, compróbase a través do sistema de intermediación de datos, que atópase ó corrente de pagos coa Seguridade Social e coa AEAT, e de alta no imposto de actividades económicas. Constan no expediente a constitución da garantía provisional requirida e o poder do representante.

14. Aprobación das valoracións técnicas do sobre “B” do procedemento aberto convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024000500).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 19 de abril de 2024, aprobouse o expediente para a contratación mediante concurso público, do “arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de abril de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 16 de maio de 2024, procede á apertura electrónica dos sobres “A”,



correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliada mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobres “A” para optar á adxudicación deste procedemento, a empresa admitida foi a Comunidad de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564), e non admitidas, ningunha.

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo ORAL, para que avaliase e ponderase a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

O servizo ORAL remite informe do servizo de Arquitectura con CSV: 63SF3ZW5E0Y4Z522, de data 24 de xuño de 2024, que sinala que “(...) O establecemento NON cumpre e NON se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas.

É preciso indicar que a oferta presentada non se acompaña da memoria técnica requirida nos pregos, na que se concreten as obras que é preciso executar para dar cumprimento aos requisitos esixibles no prego.

En todo caso, sen prexuízo do incumprimento dos requisitos indicados, procédese, de igual forma, a valoración segundo os requisitos establecido no apartado 9.1 do prego, por se resulta de interese para a tramitación do expediente.

| ESTADO DE CONSERVACIÓN E FUNCIONALIDADE DO LOCAL. | | P | PUNTUACIÓN |
|--|---|---|------------|
| Estado de conservación do local e fachada | 0 puntos: Moi deficiente | | 5 |
| | 2,5 puntos: Deficiente | | |
| | 5 puntos: Aceptable | | |
| | 7,5 puntos: Bo | | |
| | 10 puntos: Moi bo | | |
| Dotado de Instalación eléctricas | 0 puntos: Non posúe | | 0** |
| | 5 puntos: Necesita actualización | | |
| | 10 puntos: Bo estado | | |
| Menos necesidade de realización das obras de adaptación para destinalo ao fin pretendido | 0 puntos: necesita actuacións de entidade (división do local e independencia de instalacións, etc.) | | 0* |
| | 5 puntos: Pequenas obras de acondicionamento e acabados | | |
| | 10 puntos: sen necesidade de ningunha obras relativas a acabados | | |
| Sistema de ventilación e climatización | 0 puntos: Non posúe ningunha ou de posuír alguna esta necesita de revisión ou actualización | | 0** |
| | 4 puntos: So posúe unha instalación de ventilación ou climatización, e esta atópase en bo estado | | |
| | 7,5 puntos: Posúe ambas instalacións, pero necesita actualización dalgunha delas ou de ambas | | |
| | 10 puntos: Posúe ambas instalacións e atópase en bo estado | | |
| TOTAL | | | 5,0 |



** Valórase con puntuación cero (0), debido a que non se achega documentación técnica respecto das obras necesarias para que o local cumpra cos requisitos esixibles para o uso almacén, especialmente en materia de seguridade.*

***Valórase con puntuación cero (0) debido a que non se achega documentación técnica respecto do estado e alta destas instalacións, non puidendo comprobar en inspección visual o seu estado e correcto funcionamento.”*

A Mesa de Contratación, á vista do exposto, acorda prestar conformidade ao informe emitido polo servizo de Arquitectura, de data 24 de xuño de 2024, respecto aos criterios de adxudicación non automáticos establecidos no prego regulador deste procedemento, e, en consecuencia, propor ao órgano de contratación a exclusión do licitador Comunidad de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564), e declarar deserto o procedemento.

15. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2024000500).

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día debido a que a Mesa de Contratación acordou propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que declare deserto o procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra, debido a que o local ofertado pola única empresa interesada na adxudicación do contrato, Comunidad de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564), non cumpre, nin se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e un minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

